

ESTÁN VIVOS

John Carpenter, 1988

1803

ESTREA EN NUMAX: 05.08.2026 | V.O.S.E. | 94 min

Un traballador atopa casualmente unhas lentes que lle permiten ver as persoas tal e como son. Grazas a elas descubrirá que importantes personaxes da vida política e social son en realidade extraterrestres. Durante a súa particular cruzada poderá observar como estes alieníxenas foron sementando o mundo de mensaxes subliminares coas que pretenden converter ao ser humano nunha raza de escravos.

«Unha intrigante combinación de alegoría política e terror paranoico á vella usanza»

William Thomas, EMPIRE



A presenza invisible da ideoloxía

Por Héctor Tarancón Royo

Filla directa da súa época, *Están vivos* é unha resposta visual ao ambiente político norteamericano da década dos 80 que, co tempo, virou inmortal. «América está estancada. Os nosos rapaces pensan que o Sol xira arredor da Terra e a metade non sabe nin ler. Estar feliz nos Estados Unidos consiste en ter un bo coche e en ir guapo, entón todo é perfecto. A filosofía de Reagan é o capitalismo incontrolado. Reagan é unha enfermidade, e os alieníxenas da miña película son tan estúpidos coma el», declarou John Carpenter.

Inspirada polo relato de Ray Nelson *Ás oito da mañá* (1963), e situada en Los Angeles, a historia céntrase na vida errante dun traballador que busca unha oportunidade para asentarse. Todo muda cando descobre unhas misteriosas lentes que, postas, revelan algunhas verdades incómodas e unha inminente invasión extraterrestre sobre a Terra. Carpenter preséntanos un híbrido entre a ciencia ficción, o terror, o cine de acción e a comedia cheo de sorpresas. E tamén de xiros que quedan sen explicar, efectos especiais pouco coidados —e intencionados—, incongruencias e algunhas interpretacións que fan que, vista hoxe, o xeito de narrar os acontecementos poida ser un obstáculo considerable á hora de valorala na súa xusta medida. Por exemplo, a elección inusual de Roddy Piper, dedicado á loita libre e con pouca ou nula experiencia interpretativa, marcou en varios sentidos —como veremos— a película. A ausencia de matices de Piper fai que o seu personaxe sexa en ocasións demasiado lineal, inxenuo ou superficial, aínda que Carpenter tívoo moi claro ao elixilo: «A diferenza da maioría dos actores de Hollywood, Roddy ten a vida escrita por todo o seu corpo».

Coas lentes postas, John pode ver as mensaxes subliminares que dirixen as accións da sociedade. Algúns anos máis tarde, a película tivo unha curiosa resurrección cando o filósofo esloveno Slavoj Žižek elaborou o guión do documental *Guía ideolóxica para pervertidos* (Sophie Fiennes, 2012). Nel, precisamente, abre as súas reflexións con *Están vivos* dun modo directo e visceral. Para iso, parte dun dos diálogos centrais da película, cando John lle di a Frank: «Douche a elixir: ou pos as lentes ou empezas a comer do cubo do lixo». Esta liña, aparentemente sinxela e mesmo esquecida, sèrvelle a Žižek para enunciarnos unha das súas teses principais: «Eu como do cubo do lixo todo o tempo. O nome deste vertedoiro é Ideoloxía. A forza material da ideoloxía impídeme ver o que estou a comer realmente. Non só estamos escravizados pola realidade. A traxedia do noso dilema no interior da ideoloxía é que, cando cremos que escapamos aos nosos soños, nese momento atopámonos coa ideoloxía».

A diferenza das perspectivas totalitaristas propias do ronsel do aclamado *1984* de George Orwell, a loita de John lembra máis a “Un mundo feliz” de Aldous Huxley. Esta sitúanos de cheo nun contexto cotián onde a oportuna sensación de liberdade propia da democracia, e o liberalismo económico, xera ao contrario unha ditadura invisible. Co pracer e o estímulo dos sentidos, o sistema introdúcenos na súa roda e inevitable final: o consumo. O guión de Carpenter tamén é visionario na afirmación de que a loita só pode ser colectiva. Aí está, quizais, o verdadeiro núcleo traxicómico de *Están vivos*: por moito que poidamos achegarnos á verdade, que sentido ten se non é compartida? A incomunicación constante de John coa súa contorna é tan parecida á de agora que, nalgún momento, o terror é real.